
OFERTA DE EMPREGO EN EAPN GALICIA

PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA

Titulado/a en Xornalismo

Contratación financiada pola Subvención para o fomento do emprego a través dos [programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro](#).

Descrición do posto

En dependencia da Dirección da entidade realizará as seguintes funcións de reforzo da comunicación, participación, inclusión sociolaboral, traballo en rede e formación de persoas en pobreza, exclusión social e discapacidade ou de entidades do Terceiro Sector Social.

- Comunicación externa e interna de EAPN: planificación, elaboración de contidos e relación con medios de comunicación, boletín interno e externo e difusión en web e redes sociais.
- Xestión e mantemento de espazo compartido e da web para facilitar o traballo das entidades membro na inclusión de colectivos en risco de exclusión.
- Dinamización do Grupo de Traballo de Comunicación de EAPN Galicia.
- Colaboración na organización das actividades previstas de formación, sensibilización ou incidencia.
- Fomento da colaboración con institucións públicas ou privadas que axuden a acadar os fins estatutarios mediante o traballo en rede.
- Investigación e difusión de ferramentas que impliquen o fortalecemento e mellora de resultados da rede e das súas entidades membro.

Requisitos

- Titulación en Xornalismo.
- Coñecemento do Terceiro Sector de Acción Social e recursos sociais existentes
- Coñecementos e manexo elevado de redes sociais, ofimática e ferramentas de deseño gráfico e vídeo básicas.
- Coñecemento dos idiomas galego e castelán falados e escritos. Valorarase o coñecemento de inglés.
- Valorarase experiencia previa de voluntariado ou activismo en calquera eido, en especial no social.

Competencias

- Alta capacidade de organización, resiliencia e resposta en prazos axustados
- Flexibilidade, empatía e capacidade de adaptación ás necesidades da base social
- Resolución de problemas, dinamismo e pro-actividade
- Orientación para o traballo en equipo, por obxectivos e resultados
- Boas habilidades de comunicación oral e escrita

- Identificación cos valores e misión da EAPN Galicia

Datos básicos da contratación

- Contrato temporal de 12 meses de duración, a xornada parcial (75%)
- Lugar de traballo: Santiago de Compostela
- Data límite de contratación: 30 de xaneiro de 2024
- Convenio Acción e Intervención Social

Concorrencia

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com, ata o 18 de xaneiro de 2024 ás 15.00, co asunto **"Selección Coopera EAPN xornalismo + NOME E APELIDOS"**.

Deberase achegar:

- **Currículo Vitae actualizado**
- **Carta de motivación**
- **Proposta de nota de prensa** coas 5 principais demandas que dende EAPN Galicia se deberían reclamar diante das eleccións ao Parlamento de Galicia do 18 de febreiro (1 páxina máximo)

Importante: **ABSTERSE** candidatos/as que:

- (i) Non sexan unha persoa desempregada inscrita no SPEG como demandante non ocupada e que non estea dispoñible para o emprego na data de selección e contratación.
- (ii) **Estiveran contratadas por un período igual ou superior a seis meses, con cargo ás axudas concedidas polas ordes da Consellería de Economía, Emprego e Industria** do 9 de maio de 2019 (DOG nº 98, do 24 de maio), do 3 de agosto de 2021 (DOG nº 159, do 19 de agosto) e do 12 de xullo de 2022 (DOG nº 139, do 21 de xullo) no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.